

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas eixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o establecido na Constitución Española, ante quen se presenta o recurso de amparo?

- A) Ante o Tribunal Supremo
- B) Ante o Tribunal Constitucional
- C) Ante o Consello Xeral do Poder Xudicial
- D) Ante calquera xulgado ou tribunal

2. Aos efectos de nomeamentos temporais de persoal estatutario licenciado sanitario, para unha das seguintes categorías/especialidades, non é de aplicación o Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria:

- A) Facultativo/a especialista en análises clínicas
- B) Facultativo/a especialista en hematoloxía e hemoterapia
- C) Facultativo/a especialista en medicina do traballo
- D) Médico/a de admisión e documentación clínica

3. Sinale cal das afirmacións seguintes sobre as pagas extraordinarias é falsa, atendendo ao establecido no Estatuto Marco:

- A) Serán dúas ao ano
- B) Devénganse preferentemente nos meses de xuño e decembro
- C) O importe de cada unha delas será, como mínimo, dunha mensualidade do soldo e trienios, ao que se lle engadirá a catorceava parte do importe anual do complemento de destino
- D) As pagas extraordinarias son retribucións complementarias

4. Sinale cal das seguintes medidas non se establece como medida de sensibilización contra a violencia de xénero, segundo a lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

- A) Deseño, elaboración e difusión de campañas
- B) Creación do Centro pola igualdade e en contra da violencia de xénero
- C) Fomento do movemento asociativo
- D) Actividades culturais e artísticas

5. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) O Parlamento de Galicia non pode interpoñer recursos de inconstitucionalidade
- B) O Presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros e será nomeado polo Rei
- C) Nalgúns casos, pódese establecer como circunscrición electoral a comarca
- D) O orzamento do Parlamento de Galicia fixarao o Presidente da Xunta de Galicia

6. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, unha das seguintes obrigas dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario, non é correcta:

- A) Gardar segredo da información relacionada co seu proceso e coa súa estadía en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema sanitario público
- B) Cumprir prescricións xerais e específicas de natureza sanitaria
- C) Coidar das instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias
- D) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario

